

## UN PELÚDEZ INTERPRETADO POR SARGADELOS

Foi D. Xosé Trapero Pardo —que neste das xentes da terra luguesa ademais de outras moitas cousas entende un rato— quen nos informou sobre o Pelúdez. ¿Quen podería saber máis do popular personaxe lucense si Trapero Pardo recolleuno —el di «herdouno»— no ano 39 e dende entón foi gobernando a súa vida, casouno con Filomena e até lle dou un fillo...?

O Pelúdez naceu en «El Progreso» polo 1908 da man de D. Antonio de Cora, que tódolos anos polo San Froilán o facía vir a Lugo nas páxinas do seu xornal.

Trátase pois dunha invención inspirada por un chairego que aparece nas festas da concapital oriental da Chaira coma un arquetipo do home deste altiplano que, sin presumir, sin teorizacións eruditas nin académicas, ocupa o primeiro posto no **ranking** da produtividade do sector primario da península. Home de bon vivir e de bon beber, traballador, leva con humor a vida, facéndose pasar como quen non entende ren cando o que está é de volta de todo; condicións éstas que o caracterizan como un galego máis cangado da historia que nos canga e nos fixo descreídos, realistas, bulrescos e desmitificadores, cecais en demasía. Mais ao Pelúdez tocoulle nacer nunha bisbarra privilexiada.

Pode que o nome non fose o máis acertado desta figura xa mítica. O mesmo Trapero Pardo reconece que o de «Pelúdez» poidera tomarse como equivalente de xíbaro e ignorante, pro esto —di— xa foi superado e o título que se mantivo pola súa sonoridade fica hoxe como equivalente de **galego fino**.

Pro aquí en Sargadelos, que somos máis desconfiados que o mesmo Pelúdez, coidamos que foron máis ben os tempos os que cambearon e fóronlle retorcendo o pescozo a esa falsa concepción que había do paisano galego como un pandorco, como un paifoco, como un pajuerano —(de **pa huera**, de fora da capital, expresión esta que nos ven de América co maior sentido semántico)—, que

conserva a forma do seu auténtico ser, que aos vilogos requintados parecíanlles rústicas, cando frente a un home que conserva as formas que veñen da raíz do seu pobo pode falarse de aristocracia do popular namentras non se poderá falar de aristocracia algunha se hai requintamento de formas alleadas da súa críxen.

Pelúdez, dende logo, ven de **peludo**, home de poucas luces pra quen o veía así, pro facélle gracia que en moitas cousas tiña razón. Mais as perspectivas cambearon, e o Pelúdez segue nun proceso de metamorfosis que o vai levando a un arquetipo de home de pajuera de Lugo capital, e en cuío nome van estigmatizadas cousiñas do noso tempo e significa xa un nome con historia.

Xosé de Cora no seu «Homes de Fole» pon na boca de éste as seguintes verbas: «Por certo naqueles números de "El Progreso" do outono de mil novecentos trinta e dous, xa aparece Pelúdez enxebriado, por obra e gracia de Antonio Goy. Porque Pelúdez nacera da man do teu tío Antonio de Cora, falando castelán dende os primeiros números de "El Progreso". E foi Antonio Goy que o fixo falar galego. Antes era así como un señorito de aldea que viña a Lugo a gastar os cartos, xogar á timba e voltar á casa. Había a duda se fora Juan Ramón Somoza ou Antonio de Cora o primeiro que fixera falar a Pelúdez en "El Progreso", pero, dito ouxetivamente, foi Antonio de Cora».

Nós concebimos ao Pelúdez como un chairego que ven á capital, co seu traxe de remontas e o seu sombreiro que non quere deixar de ser pucho, pra ver o que pasa na vila, sin importarlle que lle chamen Pelúdez porque eso xa ten unha historia, que él a mira, incluída a presente, de reollo. Mais por se acaso advirte que o paraguas é seu, ao mesmo tempo que o identifica.

Desta peza vanse facer 2.000 exemplares marcados e numerados dende o 1/2.000 deica ao 2.000/2.000.